

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.

ACTA NUMERO: 2021/10

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 5 de outubro de 2021

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as 20,00 horas do día **5 de outubro de 2021** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D^a Maria Luz Alvarez Lastra

D. Pablo Vizoso Galdo

D^a Mónica Freire Rancaño

D.Marcos A.Villamil Martínez

D^a María del Pilar Otero Cabarcos

D.Jorge Díaz Freije (disculpa ausencia)

Por Partido Popular

D.Daniel Vega Pérez

D^a Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo

D^a Begoña Sanjurjo Santar

D^a María Elena Sierra Pulpeiro

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

D.Francisco Javier Torviso Berdeal

Secretario Xeral:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

María Cristina González Santín.

Técnico Admón. Xeral:

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento



e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES NUMS. 2021/08 E 2021/09, ORDINARIA DE DATA 28 DE XULLO E EXTRAORDINARIA URXENTE DE DATA 13 DE AGOSTO DE 2021.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE Nº 3479/2021 RELATIVO AO PLAN REXURBE.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe textualmente:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN.-

Visto expediente que se tramita relativa á Area REXURBE do Conxunto histórico de Ribadeo.

PROPONSE que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

1º.- Solicitar ao amparo da vixente lexislación a declaración e inclusión no Plan Rexurbe para a Area delimitada polo casco histórico de Ribadeo sobre a que se aprobaou recentemente o PEPRICH con carácter definitivo, de acordo coa Memoria, planos e restante documentación que consta no expediente.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos que se adopten.”

Por parte do técnico municipal Sr. Longarela Sanfiz explícase aos membros da Comisión en que consiste esta actuación.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar conformidade á proposta de referencia e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do acordo procedente polo Pleno Municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame mencionado nos seus propios termos.



3.-EXPEDIENTE Nº 103/2019 RELATIVO A MODIFICACIÓN BASES E NOVO PRAZO PARA AXUDAS DO ARI EN RIBADEO E RINLO.

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME:Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“SEGUNDA PROPOSTA DE MODIFICACION DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIONS PARA A REHABILITACION DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS AREAS DE REXENERACION E RENOVACION URBANA DO CASCO HISTORICO DA VILA DE RIBADEO E DO NUCLEO DE RINLO, PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018/2021. PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACION E RENOVACION URBANA E RURAL.

A vista das solicitudes aprobadas para obter subvención e que a data contan con cualificación provisional por parte do IGVS segundo as convocatorias publicadas no BOP de Lugo número 33 do venres 8 de febreiro de 2019 e no BOP de Lugo número 44 do sábado 22 de febreiro de 2020, que para o ARI de Ribadeo foron vinte solicitudes e para o ARI de Rinlo nove, non superando o número de vivendas obxecto de subvención inicial recollidas nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018 (24 vivendas para o ARI de Ribadeo e 12 para o ARI de Rinlo).

Tendo en conta tamén o financiamento aprobado polo do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia recollido nestes acordos, o prazo de execucións das actuacións, e resultando que existe un remanente de financiamento tanto para o ARI de Ribadeo como para o ARI de Rinlo, segundo o seguinte cadro:

AREA DE REXENERACION E RENOVACION URBANA	Nº DE NOVAS ACTUACIONES A SUBVENCIONAR	ACHEGA DO MINISTERIO DE FOMENTO	ACHEGA DA XUNTA DE GALICIA
RIBADEO	5	35.540,47 €	35.781,42 €
RINLO	3	33.574,91 €	16.206,05 €

Esta Alcaldía propón a modificación das bases de referencia nos seguintes artigos, cuxo texto modificado queda do seguinte xeito:

ARTIGO 11. PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **tres meses** a partir do día seguinte á publicación da presente modificación de bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ARTIGO 16. XESTIÓN DAS OBRAS.

A.- XESTIÓN DA OBRA.

As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras ou autorización administrativa oportuna nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar, que deberá ser solicitada polo interesado.



Os/As solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

B.- INICIO DAS OBRAS.

O solicitante promotor das obras deberá comunicar previamente e de xeito oficial á Oficina Municipal de Rehabilitación a data do inicio das obras, segundo o ANEXO V.

C.- REALIZACION DAS OBRAS.

As obras obxecto das axudas, axustaranse ao convido no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión licencia de obras correspondente.

O técnico da Oficina de Rehabilitación poderá supervisar a execución das obras, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable da Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licencia urbanística.

As obras deberanse realizar no prazo máximo concedido no documento de cualificación provisional emitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e en todo caso este prazo **rematará o 30 de abril de 2023**, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as comprobacións correspondentes.

Este mesmo prazo de remate das obras (30/04/2023) será aplicable tamén ás obras en curso das solicitudes de convocatorias anteriores publicadas no BOP de Lugo número 33 do venres 8 de febreiro de 2019 e no BOP de Lugo número 44 do sábado 22 de febreiro de 2020.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados.

D.- REMATE DAS OBRAS

Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o remate das mesmas, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa xustificación, **remata o 30 de abril de 2023**, segundo o ANEXO VI.

A documentación a presentar é a seguinte:

1. Certificado fin de obra asinado polo técnico redactor do proxecto, de selo caso.
2. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa das actuacións realizadas, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de todas as subvencións declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:
 - a) O beneficiario/a da subvención deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
 - c) Ter referencia de gastos xerados obxecto da subvención.
 - d) As facturas deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figura na cualificación provisional.
 - e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desglose do IVE e imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
 - Nome do beneficiario da subvención.
 - Enderezo da actuación e descrición detalladas das obras levadas a cabo obxecto da subvención.



- Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- f) Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago.
3. No caso de obras promovidas por unha comunidade de propietarios serán válidas as facturas e os xustificante de pago a nome desa comunidade de propietarios.

CLAUSULA FINAL.

Esta modificación de bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e manteranse vixentes ata que o Pleno municipal acorde a súa modificación ou derogación.”

Por parte do técnico municipal arquitecto Sr. Longarela Sanfiz explícase aos membros da Comisión en que consiste esta actuación.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar conformidade á proposta de referencia e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do acordo procedente polo Pleno Municipal.

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE Nº 4517/2021 SOBRE PROXECTO EXPROPIATORIO PARA APARCADOIRO EN RINLO.-

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“ DITAME.- 3.-DECLARACION DE URXENCIA.-

1.- EXPEDIENTE Nº 4517/2021 SOBRE PROXECTO EXPROPIATORIO PARA APARCADOIRO EN RINLO.

Pola Alcaldía dase conta da necesidade de incluír un punto novo na Orde do día do que xa se pasou documentación a través dun correo electrónico na mañá de hoxe.

Sometido a votación a urxencia do asunto é apreciada por unanimidade dos membros da Comisión Informativa pasándose ao estudio do mesmo.

Dase conta do proxecto expropiatorio “**Aparcadoiro en Rinlo**” e documentación existente no expediente.

O aparcadoiro sitúase na parcela 317 do Polígono 1_Ref. Catastral 27051P001003170000SG, resultando necesaria a súa ocupación para ser destinada a aparcadoiro e servizos dotacionais, cumprindo así con un dos obxectivos do “Plan Xeral de ordenación Municipal (PXOM)” en base a previsión de aparcadoiros de titularidade pública.

Por Secretaría propónse:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación en Rinlo para aparcadoiro.



SEGUNDO. Declarar expresamente a utilidade pública/ interese social da necesidade a satisfacer co referido proxecto á que deben afectarse os bens a expropiar, polos seguintes motivos: Necesidade de contar cun aparcadoiro público en Rinlo.

TERCEIRO. Someter o proxecto ao trámite de **información pública por prazo de quince días** mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://ribadeo.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar o presente acordo xunto co proxecto a cada un dos afectados que aparezan nel.

QUINTO. Solicitar a emisión de informe/autorización *que proceda* segundo a lexislación sectorial aplicable.

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar conformidade á proposta de referencia e ditaminar favorablemente o mesmo para adopción do acordo procedente polo Pleno Municipal.”

Sometido a votación, a Corporación municipal por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos termos indicados.

5.-EXPEDIENTE Nº 4457/2021 (1) PROPOSTA DA ALCALDIA PETICIÓN Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE NON ELIMINACIÓN DAS ENSINANZAS SECUNDARIAS DE ADULTOS EN RIBADEO.

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DO GOBERNO MUNICIPAL PARA O MANTENIMENTO DAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS QUE SE VÉN IMPARTINDO NO IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO.

Tivemos coñecemento polo Consello escolar deste centro e mais polos medios de comunicación, da pretensión por parte da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, de eliminar as ensinanzas de Educación Secundaria para Adultos (ESA).

A razón esgrimida pola administración da baixa matriculación para a supresión da oferta educativa da Educación Secundaria para persoas adultas no IES Ribadeo Dionisio Gamallo non é un argumento de peso para xustificar tal medida se nos atemos aos datos dos cursos anteriores.

- Tal e como dita a Circular 4/2021, da secretaría xeral de educación e Formación Profesional, sobre as instrucións para a matrícula destas modalidades de ensino, o prazo de matrícula ábrese o 1 de setembro e fica aberto durante todo o curso.
- Nos derradeiros 5 cursos, a mediados de setembro, o número de matrículas era similar ao actual.



- Os datos de matrícula dos últimos 5 anos a fin de curso son os seguintes:

- * 2016/17: 15 matrículas.
- * 2017/18: 16 matrículas.
- * 2018/19: 16 matrículas.
- * 2020/21: 11 matrículas. (*curso da pandemia)

Polo tanto, estes datos demostran que historicamente a matrícula aumenta a medida que avanza o curso.

As ensinanzas da ESA son un dereito que teñen aquelas persoas adultas que non puideron acadar a titulación mínima esixida para calquera posto de traballo ou para poder continuar estudos. Por iso, é un dereito educativo básico.

No Concello de Ribadeo o único Centro de ensino para cursar estes estudos é o IES de Ribadeo Dionisio Gamallo, polo que suprimilos significa obrigar ás persoas interesadas a desprazarse a moitos quilómetros, sen ter transporte público adaptado ás quendas horarias ou ben condenalas a non poderen avanzar na súa formación básica.

Esta supresión sumaríase á xa minguante oferta educativa (menos optativas, menos diversificación, menos apoios...) e á maior carga horaria e peores condicións laborais do profesorado.

Como consecuencia, a calidade educativa, en xeral, estase a resentir cada vez máis. E, neste caso, conséntase unha vulneración dos dereitos educativos por unha motivación política e non baseada en argumentos técnicos, académicos ou de rendibilidade social.

Logo de ter decidido isto por parte da Consellaría de Educación, acabamos de saber (quizais motivado pola forte oposición sindical, cidadá, do profesorado, etc.) que recúan parcialmente na súa intención. Isto é, non autorizarán a impartición do módulo 3 para o primeiro cuadrimestre pero si autorizarán o módulo 4 no segundo cuadrimestre.

Evidentemente isto é unha fuxida cara adiante porque o posible alumnado que quixera superar estudos equivalentes a 3º da ESO (módulo 3) non poderá facelo, e polo tanto, tampouco poderá matricularse no módulo 4.

Ademais, ao existir profesorado para impartir o módulo 3, quedará neste período para facer gardas, polo que estas horas estarán totalmente desaproveitadas e poderían ter sido utilizadas para a mellora da calidade educativa do centro. En resumo, se van ter que impartir docencia no segundo cuadrimestre, por que non o permiten no primeiro???

Consideramos intolerable a perda dun servizo educativo que ao tempo é un dereito educativo básico. Ribadeo debe ter unha oferta educativa variada e completa de acordo ao que supón poboacional e territorialmente o noso Concello. Por todo isto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO.

PUNTO ÚNICO. O Concello de Ribadeo esixe da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia o cesamento inmediato da pretensión de deixar a Ribadeo sen os estudos de Educación Secundaria para Adultos (ESA) dos módulos 3 e 4 (equivalentes a 3º e 4º da ESO) no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.



2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

-

6.-EXPEDIENTE Nº 4457/2021 (2)PROPOSTA DA ALCALDIA EN RELACIÓN CO ANUNCIO DE PECHE DA PLANTA DE VESTAS EN VIVEIRO.

Dase conta da Moción da Alcaldia-Presidencia que se transcribe:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE RIBADEO EN RELACIÓN CO ANUNCIO DE PECHE DA PLANTA DE VESTAS EN VIVEIRO

A pasado 20 de setembro, Vestas anunciou a súa decisión de pechar as instalacións que a empresa ten en Chavín, no Concello de Viveiro. Este peche, previsto para finais de 2021, afectaría a un total de 115 empregos directos e suporía un agravamento da situación da industria e do emprego non só na Mariña, senón tamén en moitos concellos próximos da comarca de Ortelgal.

Vestas dedícase á construción de equipamentos para a enerxía eólica, polo que este peche sorprende aínda máis ao tratarse dun sector en expansión nos últimos anos e con perspectivas de futuro.

Cómpre ter en conta, asemade, que dende o Concello de Viveiro sempre se deron facilidades á empresa Vestas, sempre se axudou para manter os postos de traballo, polo que agora non se pode permitir que, por unha estratexia industrial, se comunique esta decisión de peche dunha maneira inmediata e inhumana.

Á preocupación xerada pola situación na que se atopa a multinacional Alcoa, súmase agora este novo peche dunha industria importante. Isto supón un novo e duro golpe económico para toda esta zona, que leva anos asistindo a un grave desmantelamento industrial, co conseguinte perda de emprego e proxectos de futuro.

Esta progresiva desindustrialización require do traballo, esforzo e compromiso de todas as administracións implicadas, polo que se fai necesario crear unha fronte común co obxectivo de evitar que se leve a cabo peche desta planta e, ao mesmo tempo, adoptar as medidas necesarias para facer efectivo un plan de reindustrialización.

Por todo canto antecede, propónse ao Pleno do Concello de Ribadeo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Manifestar o apoio do Concello de Ribadeo, aos traballadores e traballadoras afectados polo peche das instalacións de Vestas en Viveiro.



SEGUNDO: Instar á Consellería de Economía, Empresa e Innovación e ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para, dentro das súas propias competencias, se adopten todas as medidas necesarias para esixir á empresa Vestas que reconsidere a súa decisión de peche e buscar solucións alternativas.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

7.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL):

A)DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDI-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE XULLO E O 31 DE AGOSTO DE 2021.

A Corporación queda enterada dos decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas facultades, durante o período referido no epígrafe.

B)MOCIÓNS

B.1 EXPTE. Nº 4481/2021. DO GRUPO POPULAR CONTRA O MINISTERIAL DE INCLUSIÓN DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCIÓN ESPECIAL.

Pola Alcaldía-Presidencia dase conta da Moción do Grupo Municipal que se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA A ORDE MINISTERIAL DE INCLUSION DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCION ESPECIAL

O Grupo Municipal Popular no concello de Ribadeo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 21 de setembro saíu publicada no BOE a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, o listado LESPRES.

Esta inclusión ven a supoñer na práctica que a partires de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinexética, polo que o seu control queda prohibido.

A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.



Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo de Galicia, deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contempladas no mesmo.

En todo caso e, tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas, deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviables a meirande maioría das explotacións galegas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ribadeo, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

- O pleno do concello de Ribadeo insta a Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado Lespre.
- O pleno do concello de Ribadeo insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.
- O pleno do concello de Ribadeo insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos.”

Tras deliberación, a Corporación, por seis votos en contra (dos membros do Grupo do BNG) catro a favor (dos membros do Grupo Popular) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Socialista), acorda rexeitar a Moción de referencia.

B.2 EXPTE. Nº 2470/2021. DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS.

Dase conta da Moción que se transcribe literalmente:

“MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Mónica Freire Rancaño, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribadeo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, e neste sentido vén de comunicarlle a Bruxelas a súa intención de cobrar polo uso das autovías para sufragar os gastos de conservación, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que as construtoras, a través do seu órgano corporativo ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

- O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un



custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

Esta proposta do Ministerio de Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana provoca as lóxicas reaccións en contra en toda Galiza, especialmente na provincia de Lugo e na Mariña entre a cidadanía, o sector do transporte e os profesionais que desenvolven a súa actividade nas estradas e autoestradas e entre os diversos sectores económicos. O propio Ministerio xa planificou tarifas,

incluso para autovías proxectadas pero aínda non iniciadas, como é o caso da A-74 Barreiros–San Cibrao, a autovía eternamente prometida á comarca da Mariña, unha comarca que sofre ano tras ano incumprimentos reiterados en materia de infraestruturas, independentemente de que estas sexan responsabilidade do Estado ou da Xunta, ademais do agravio do Fiouco na A-8.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno deste concello esta moción, propoñendo a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Ribadeo á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.**
- 2- Dar traslado deste acordo ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.”**

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

C)ROGOS E PREGUNTAS



DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

Intervén a Concelleira do Grupo Popular Doña Begoña Sanjurjo Santar que se refire á petición feita polo seu Grupo fai mais ou menos un mes de visita a infraestruturas públicas sen que ata o de agora sepan nada e preguntan cando lle van a dar permiso.

O Sr.Alcalde resposta que en canto se faga algunha exposicion ou actuación poderán ir.

Pregunta tamén a mesma concelleira que permisos se solicitaron para a rehabilitacion do canon e vagoneta respostandose polo Sr.Alcalde que permisos que él saiba ningún, que se recuperou o canon e que se rehabilitou e que non pode dicir moi máis.

Refírese tamén á coincidencia de dúas actividades para nenos á mesma hora que deberían coordinarse mais para poder asistir sinalándose pola Concelleira de Cutura Sr.Alvarez Lastra que non é doado ás veces coordinalo posto que por exemplo as escolas deportivas dependen das asociacións ou clubs que realizan as actividades cos seus monitores, pero en todo caso dende o Concello danse todas as facilidades para estes fins.

O Sr.Alcalde intervén e manifesta que se acepta o rogo.

Roga tamén a Sra. Sanjurjo Santar que se retome a vixilancia e control na saída dos centros de ensino.

O Sr.Alcalde indica que se pediu nestes días informe á Policia Local e están co tema.

Roga tamén que se poidan utilizar xa as escolas rurais por parte das Asociacións de veciños para actividades.

O Sr. Alcalde manifesta que se está indo co tema da COVID en progresión pero que non pode dicir cando se poderán abrir ao cento por cento as escolas para desenvolver as actividades no interior.

Intervén de seguido a concelleira Sra. Sierra Pulpeiro, do Grupo municipal Popular, que formula unha pregunta referida a para cando haberá un Plan de limpeza serio.

Resposta o Alcalde ao non estar presente o Concelleiro delegado de limpeza, sinalando que xa existe un plan de limpeza, aínda que existan sitios en donde non se cumpre, e indica igualmente que se está levando a cabo o mellor posible cos recursos existentes.

A mesma concelleira pregunta por diversas rúas que se atopan en mal estado, A Pega, A Faxarda, Grupo San Miguel, etc.para cando se van acometer obras.

O Sr.Alcalde sinala que algunhas en breve prazo e outras xa están en execución agora mesmo.

Outra pregunta que formula a mesma Concelleira refírese a que medidas se adoptaron sober a aparición de ratas na zona de A Muralla. O Sr.Alcalde sinala que descoñece pero que cre que dende os servizos de medio ambiente se se avisou, se estarán poñendo as medidas apropiadas. Refire tamén que hai anos se viñan facendo execución de desratización en diferentes zonas públicas.



Pregunta igualmente para cando se vai arranxar o alumeado da estrada ao faro, sinalándose pola Alcaldía que logo se acometerán as obras que están previstas e cre que entón se poderá tamén revisar todo o alumeado no viario de referencia.

Resposta tamén o Sr.Alcalde que agora mesmo se está actuando nas 4 rúas e próximamente se fará na rúa Antonio Otero e o resto se irá actuando, coa brigada de obras, pouco a pouco.

Por último pregunta a concelleira Sra.Sierra Pulpeiro pola necesidade de identificar con rótulos os diferentes barrios en especial ao producirse cambios con motivo da renumeración efectuada en todo o termo municipal.

O Sr.Alcalde resposta que sí, aínda que a identificación se fai por rúas.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

Intervén o Concelleiro deste Grupo Sr. Torviso Berdeal para preguntar e rogar ao mesmo tempo se sería posible instalar contenedores de recollida de lixo soterrados principalmente no casco urbano para evitar cheiros e mala imaxe.

O Sr.Alcalde resposta que posibilidades hai e que é unha cuestión de oportunidade sobre todo de carácter económico; que se está mirando aínda que resultan bastante custosos. Que non está o Concelleiro de Medio Ambiente para explicar mellor pero que o están mirando e que haberá que aproveitar posibles subvencións. Aceptase o rogo.

Pregunta tamén o mesmo Concelleiro que lle gustaría que se fixese unha campaña de sensibilización para os propietarios de cans co fin de que adopten as medidas precisas na recollida dos excrementos.

O Sr.Alcalde resposta que xa non sabe o numero de campañas feitas tamén con ACISA pero que todas teñen eficacia limitada.

A Concelleira do Grupo municipal socialista Dona Marta Garcia Rey pregunta se se sabe cando se vai proceder ao arranxo da Torre dos Moreno.

O Sr.Alcalde resposta que hai como unha semana ou menos se enviou a Patrimonio o Proxecto de execución.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e cinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE



